

EXTRACTOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE FEBREIRO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 7/2018 E 8/2018 DE DATAS 13 DE FEBREIRO DE 2018 E 15 DE FEBREIRO DE 2018.

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núm. 7/2018 e núm. 8/2018 do día 13 de febreiro de 2018 e 15 de febreiro de 2018.

2.- EXPEDIENTE 261/2018. LICENZA DE OBRA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para almacenaxe de forraxes e maquinaria agrícola e utilización de dous silos, na parcela con referencia catastral

36024A109000260000BH, sita no lugar de Castro de Cabras-Lalín.

3.- EXPEDIENTE 5158/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Rodelas, núm.11, parroquia de Maceira-Lalín.

4.- EXPEDIENTE 868/2018. EXPEDIENTES DE SOLICITUDES ALTA EN AUGA E SANEAMENTO NÚM. 1-2018.

Acordouse aprobar varias altas na acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

5.- EXPEDIENTE 270/2018. PROP. XUNTA DE GOBERNO APROB. LIQUIDAC. CANON PARQUE EÓLICO 2º SEMESTRE 2017.

Acordouse aprobar a liquidación correspondente ao 2º semestre do ano 2017 do Canon do Parque Eólico Singular de Lalín por importe de 22.875,43 € a que ascende o 15% da facturación bruta da citada empresa correspondente ao período referido (152.502,84 €) segundo o declarado no escrito de facturación de data 9 de febreiro de 2018 (Rexistro de entrada no Concello 09-02-2018).

6.- EXPEDIENTE 628/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (ASESORIA XURIDICA).

Acordouse aprobar o Informe do Sr. Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de data 13 de febreiro de 2018 INMATRICULACIÓN DE FINCAS COLINDANTES VÍA PÚBLICA. SITUACION: SANTE-XESTA AYUNTAMIENTO DE LALÍN.

7.- EXPEDIENTE 102/2018. DEPUTACION PROVINCIAL CONCESION SUBVENCION MATERIAL DE SEGURIDADE VIARIA E PEONIL.

Quedou pendente para un mellor estudo.

8.- EXPEDIENTE 364/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2018, punto núm. 18. Alta no Servizo de Axuda no Fogar.

9.- EXPEDIENTE 4125/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a AMPLIACION no Servizo de axuda no fogar modalidades libre concorrencia para unha persoa beneficiaria.

10.- EXPEDIENTE 873/2018. SOLICITANDO AUTORIZACIÓN PARA UTILIZAR A SALA DE AUDIOVISUAIS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a Sala de Audiovisuais da Biblioteca Municipal, o sábado día 10 de marzo de 2018, en horario de 10:00 horas ás 13:00 horas, con motivo de realizar unha xornada de vida asociativa co voluntariado.

11.- EXPEDIENTE 704/2018. SOLICITUDE PERMISO FEIRA DE OPORTUNIDADES EN ESPAZO PÚBLICO DE LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para a realización da Segunda Feira de Oportunidades na rúa Xoaquín Loriga, en horario de 9:00 horas ás 21:00 horas os días 3 e 4 de marzo de 2018, así como para a colocación de jaimas (5 x 5 m.) na rúa Xoaquín Loriga o venres día 2 de marzo de 2018 a partires das 15:00 horas.

12.- EXPEDIENTE 870/2018. SOLICITUDE PERMISO REALIZACIÓN ACTIVIDADES DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES NA PRAZA DA IGREXA O 10/03/2018. ASOCIACIÓN "AZOS".

Acordouse conceder autorización municipal para facer unha xuntanza e actividades polo Día Internacional das Mulleres para toda a cidadanía, ó sábado día 10 de marzo de 2018 na Praza da Igrexa en Lalín entre as 17:00 horas e as 21:30 horas.

13.- EXPEDIENTE 705/2018. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DUNHA FEIRA DE OPORTUNIDADES NA VILA DE LALÍN.

Acordouse celebrar unha reunión coa Mesa Local de Comercio, con motivo da realización da segunda feira de oportunidades na rúa Xoaquín Loriga os días 3 e 4 de marzo de 2018.

14.- EXPEDIENTE 872/2018. SOLICITUDE POSTO CHURROS 30 MARZO EN PRAZA DA IGREXA.

Acordouse conceder autorización municipal para a instalación dun posto de 2 metros para venda de churros e rosquillas na Praza da Igrexa o venres día 30 de marzo de 2018.

15.- EXPEDIENTE 871/2018.SOLICITUDE USO/OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA ZONA APARCAMENTOS XOSÉ CUIÑA OS DÍAS 27 E 28 DE FEBREIRO DE 2018 CAMPAÑA "CUIDAMOS TU AUTO".

Acordouse conceder autorización municipal para instalación dunha unidade móvil de diagnosis e para poder colocar un circuíto de revisión coa súa correspondente carpa, os días 27 e 28 de febreiro de 2018 na zona de aparcamentos da Avda Xosé Cuiña na súa marxen dereito en dirección Ourense, xunto ó Lalín Arena, en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 horas a 19:00 horas, na campaña “*Cuidamos tu Auto*” que MAPFRE realizar para mellor a seguridade dos vehículos e por tanto mellorar a seguridade vial.

16.- EXPEDIENTE 419/2018. SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL. IOBE 2018-2019.

Acordouse solicitar a subvención regulada ao abeiro da ORDE do 19 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2018 e a renovación do servizo para a técnica María Brea Mella.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 830/2018 AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 215,31 €.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 787/2018. DEPOTERMAL 2018.

Acordouse adherirse ao Plan Depotermal 2018.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4474/2017. CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO PARQUE MÓBIL E DA MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN”.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1526/2017. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. AMPLIACIÓN DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN (PLAN CONCELLOS 2017-LIÑA 1) (CO012017).

Acordouse aprobar o proxecto denominado “MODIFICADO

NÚM. 1 DE PROXECTO TÉCNICO “AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DO CENTRO SOCIAL DE PRADO E CALEFACCIÓN”.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 843/2018. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DUN CONTRATO DE SERVIZOS.

Acordouse proceder á devolución do aval constituído como garantía para o contrato *Mantemento e reparación integral de vehículos todo terreo e furgonetas co Concello de Lalín (Lote 3) por importe de 1.033,06 € (Lote 3).*

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 837/2018. DEVOLUCIÓN DE AVAL (CSU162016).

Acordouse proceder á devolución do aval constituído como garantía para o contrato contrato de “*Adquisición de materiais para reparación de pistas*” por importe de 1.859,49 €.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 853/2018. DEVOLUCIÓN DE AVAL PRESTADO POLO OUTORGAMENTO DE LICENZA DE OBRAS (URBANISMO).

Acordouse proceder á devolución do aval constituído como garantía para o contrato contrato de “*Urbanización e construción dun edificio sito na rúa Areal, nº 26.*” por importe de 6.000 €.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 927/2018. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “REPARACIÓN PAVIMENTO RÚA 4 E REPARACIÓN

XUNTA PONTE AUDITORIO” por importe de 22.404,06 euros.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 845/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00006 por importe de 93.592,14 €.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 6044/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CASCO ZONA RURAL).

Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do “*Concurso de Carrozas da Lª Feira do Cocido de Lalín*”.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 19:50 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.